



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

## AYUNTAMIENTOS

## PONTEVEDRA

**EXPEDIENTE** Ordenanza municipal reguladora reguladora da circulación nas vías urbanas do municipio de Pontevedra.

**TRÁMITE** Anuncio de aprobación definitiva.

Aprobada inicialmente por acordo do Pleno deste Concello, na súa sesión do 20.02.2012, a modificación do art. 5 da Ordenanza municipal reguladora da circulación nas vías urbanas do municipio, e non téndose presentado alegacións no prazo conferido ao efecto, enténdese elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora provisional, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Polo tanto, e segundo o art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do texto íntegro da modificación definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei:

## "ARTIGO 5.

1º.—O límite máximo de velocidade ao que poderán circular os vehículos polas vías urbanas definidas no artigo 2 da presente ordenanza, fíxase en 30 km/h, dentro dos parámetros establecidos no art. 50 do Real Decreto 1428/2003, de 21 novembro.

2º.—No restante viario municipal, os límites de velocidade ao que poideran circular os vehículos establécese en función da clasificación e características da vía, sen superar os límites máximos que de seguido se relacionan e sen prexuízo das maiores limitacións que determinadas características das vías aconsellen así como aquelas concretas e puntuais referidas o en interseccións, cruces perigosos, curvas, trocos de rasante ou semellantes:

<i>Tipo de vía</i>	<i>con beirarrúas ou beiravías laterais para peóns e ciclistas.</i>	<i>sen elas</i>
estradas	60 km/h	40 km/h
travesías de núcleo	40 km/h	30 km/h
travesías urbanas	30 km/h	30 km/h

3º.—En calquera tipo de vías municipais poderanse reducir estes límites, por acordo da autoridade municipal de goberno correspondente, polo procedemento establecido e previa audiencia ao movemento asociativo e as organizacións representativas dos intereses afectados recoñecidas pola lei, mantendo o obxectivo de harmonización coas demais vías urbanas, co viario de núcleo e, en xeral, co viario municipal.

4º.—Aos efectos desta Ordenanza, entenderase como núcleo, ademais daqueles que se definen no planeamento xeral, aquelas zonas da periferia nas que exista actividade e/ou edificación de tipo residencial, comercial, dotacional, asistencial, industrial ou de outro tipo ou na que a posíbel afluencia de peóns e ciclistas aconselle considerala como tal"

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno e das súas Comisións.

Pontevedra, 12.04.2012.—O Secretario Xeral do Pleno, José Luis Mato Rodríguez.

2012003712